# Fundación Eugenio Granell




A mostra ***Boutique Amparo***, comisariada por Eduardo Valiña forma parte das **mostras conmemorativas do trinta aniversario do museo**.

Amparo Segarra (Valencia, 1915 - Madrid, 2007) artista plástica, actriz de teatro e compañeira de Eugenio Granell, co que comeza a súa actividade artística a través dunha produción conxunta de colaxes realizadas en Porto Rico nos anos cincuenta, e que conforman unha boa parte desta mostra.

Amparo identifícase plenamente coa técnica da colaxe dentro do movemento surrealista. Na súa obra introduce a través do humor opinións sociais e pensamentos surrealistas. Un proxecto marcado pola estética feminina na que crea un mundo fantástico a partir da superposición de recortes cun claro caracter realista.

Un dos elementos máis destacados da súa obra é o uso de imaxes procedentes de revistas de moda. A artista selecciona e recorta fotografías de mulleres, protagonistas das publicacións da época, para configurar composicións que, máis alá da súa aparencia estética, ofrecían unha crítica sutil á sociedade. A través destas imaxes, aborda temas como a cousificación da muller, os roles de xénero, o consumo ou a identidade sexual.

Ademais, a súa experiencia como actriz e deseñadora de vestiario teatral entre 1944 e 1969 influíu notablemente na súa sensibilidade estética. Esta formación teatral reflectiuse na dramatización das súas obras, na elección dos elementos visuais e na capacidade para contar historias a través da superposición de imaxes.

A súa obra tamén incorpora elementos de distintas culturas, resultado do seu interese pola arte étnica. En moitas das súas colaxes, Segarra contrapón imaxes de distintas etnias con personaxes que se afastan temporal e xeograficamente, creando contrastes culturais que enriquecen o significado das súas composicións.

A súa vida estivo enteiramente marcada pola súa ideoloxía política e, tamén de forma inevitable, pola do seu compañeiro de vida.

Esta mostra tenta ser un recoñecemento ao traballo dunha artista imprescindible no marco da vangarda histórica, non só pola súa propia achega senón como eixe que artella todo o universo granelliano.

Eduardo Valiña, Comisario

30 1995 2025 Fundación EUGENIO GRANELL
CONCELLO DE SANTIAGO
CONSORCIO DE SANTIAGO
**Fundación Eugenio Granell** Sala Amparo Segarra. Segunda planta. **27 maio, 2025 - 2026**
Praza do Toural 15705 **Santiago de Compostela** www. fundacion-granell.gal
Deputación DA CORUÑA

La exposición ***Boutique Amparo***, comisariada por Eduardo Valiña forma parte de las **muestras conmemorativas del treinta aniversario del museo**.

Amparo Segarra (Valencia, 1915 - Madrid, 2007) artista plástica, actriz de teatro y compañera de Eugenio Granell, con el que comienza su actividad artística a través de una producción conjunta de collages realizados en Puerto Rico en los años cincuenta, y que conforman una buena parte de esta muestra.

Amparo se identifica plenamente con la técnica del collage dentro del movimiento surrealista. En su obra introduce a través del humor opiniones sociales y pensamientos surrealistas. Un proyecto marcado por la estética femenina en la que crea un mundo fantástico a partir de la superposición de recortes con un claro carácter surrealista.

Uno de los elementos más destacados de su obra es el uso de imágenes procedentes de revistas de moda. La artista selecciona y recorta fotografías de mujeres, protagonistas de las publicaciones de la época, para configurar composiciones que, más allá de su apariencia estética, ofrecían una crítica sutil a la sociedad. A través de estas imágenes, aborda temas como la cosificación de la mujer, los roles de género, el consumo y la identidad sexual.

Además, su experiencia como actriz y diseñadora de vestuario teatral entre 1944 y 1969 influyó notablemente en su sensibilidad estética. Esta formación teatral se reflejó en la dramatización de sus obras, en la elección de los elementos visuales y en la capacidad para contar historias a través de la superposición de imágenes.

Su obra también incorpora elementos de distintas culturas, resultado de su interés por el arte étnico. En muchos de sus collages, Segarra contrapone imágenes de distintas etnias con personajes que se apartan temporal y geográficamente, creando contrastes culturales que enriquecen el significado de sus composiciones.

Su vida estuvo enteramente marcada por su ideología política y, también de forma inevitable, por la de su compañero de vida.

Esta muestra intenta ser un reconocimiento al trabajo de una artista imprescindible en el marco de la vanguardia histórica, no sólo por su propia contribución sino como eje que articula todo el universo granelliano.

Eduardo Valiña, Comisario

The exhibition ***Boutique Amparo***, which is curated by Eduardo Valiña, forms part of the **commemorative exhibitions of the museum's thirtieth anniversary**.

Amparo Segarra (Valencia, 1915- Madrid, 2007) was a plastic artist, theatre actress, and partner of Eugenio Granell, with whom she began her artistic activity through a joint production of collages made in Puerto Rico in the fifties, and which make up a large part of this exhibition.

Amparo fully identified with the collage technique within the surrealist movement. In her work she introduced social opinions and surrealist thoughts by using humour. A project marked by feminine aesthetics in which she created a fantastic world from the superimposition of cutouts with a clear realistic character.

One of the most outstanding elements of her work is the use of images from fashion magazines. The artist selected and cut out photographs of women, protagonists of the publications of that time, to configure compositions that, over and above their aesthetic appearance, offered a subtle critique of society. Through these images, she addressed issues such as the objectification of women, gender roles, consumption, or sexual identity.

In addition, her experience as an actress and theatre costume designer between 1944 and 1969 notably influenced her aesthetic sensibility. This theatrical training was reflected in the dramatization of her works, in the choice of visual elements, and in the ability to tell stories through the superimposition of images.

Her work also features elements from different cultures, a result of her interest in ethnic art. In many of her collages, Segarra contrasts images of different ethnicities with characters that are separate by time and location, thereby creating cultural contrasts that enrich the meaning of her compositions.

Her life was marked entirely by her political ideology and also, inevitably, by that of her lifelong partner.

This exhibition has the objective of paying tribute to the work of an essential artist in the framework of the historical avant-garde, not only due to her own contribution but also as a central part of Granell's entire universe.

Eduardo Valiña, Curator